

O Goberno Municipal de Nigrán, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación Municipal esta **MOCIÓN**, en base a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En setembro de 2008, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia iniciou os trámites para a declaración de Monteferro como Paisaxe Protexida a petición da Concellería de Medio Ambiente do concello de Nigrán e da Mancomunidade de Montes en Man Común de Monteferro. A proposta tiña por obxectivo adxudicar a este enclave unha figura de protección que garantise a súa conservación, recuperación e xestión e promover un corecto e enriquecedor uso público.

Na actualidade a península de Monteferro, dadas as súas características medioambientais, paisaxísticas e sociais dispón dalgúns figuras de protección tales como espazo de Rede Natura, zona de seguridade a efectos cinexéticos e clasificado como “sitio costeiro sobresaindo de singular interese forestal e paisaxístico”.

Sen embargo, pese ás diversas figuras de protección, non existe ningún plan de usos e xestión que garanta o uso sostible deste espazo. Por esta razón a figura de Paisaxe Protexida suporía para Monteferro o ingreso desta área na rede espazos protexidos da Xunta de Galicia o que posibilitaría a captación de fondos autonómicos para a súa protección. O modelo de xestión proposto suporía ademais para a Mancomunidade de Montes en Man Común de Monteferro unha oportunidade de ampliar os recursos técnicos e materiais a fin de garantir a conservación e uso sostible deste espazo.

Polo exposto, **sometese á consideración do Pleno esta MOCIÓN**, para que este adopte os seguintes

ACORDOS,

1.- Solicitar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia información sobre o estado de tramitación da Paisaxe Protexida para Monteferro.

2.- Instar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia á declaración de Monteferro como Paisaxe Protexida.

8 de febreiro de 2011

Asdo.: O ALCALDE

Efrén Juanes Rodríguez